



## MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE AS PEAXES NAS AUTOVÍAS GALEGAS

---

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019.

Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, cun custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galicia e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP 53.



Por outra parte, en Galicia existen dúas autovías da Xunta con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón un agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e o descenso da calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1.- O Concello de Santiago acorda como resolución amosar a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galicia.

*Santiago de Compostela, 31 de maio de 2021.*

*Gumersindo Guinarte Cabada*  
Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

*Alejandro Sánchez-Brunete Varela*  
Voceiro do grupo municipal do PP

*Marta Lois González*  
Voceira do grupo municipal de CA

*Goretti Sanmartín Rei*  
Voceira do grupo municipal do BNG